


AULAS DE ACUICULTURA

CADERNOS DE TRABALHO





A COMERCIALIZAÇÃO DOS PRODUCTOS PESQUEIROS



A COMERCIALIZACIÓN DOS PRODUCTOS PESQUEIROS

A comercialización é o proceso polo que o peixe capturado polos mariñeiros despois de sucesivas operacións pasa a ser mercado polo consumidor.




Normalmente o proceso de **comercialización** comeza coa concentración dos produtos pesqueiros nun almacén chamado **LONXA**.

Existen dous tipos de operacións dentro deste proceso tan complexo:

1) O primeiro ten como fin a industrialización.

2) O segundo ten como obxectivo o consumo en **fresco** da mercadoría.

Tocante á **industrialización** o comprador será un conserveiro, salgador ou fabricante de fariñas e terá uns prezos máis baratos que no caso de que a compra se efectuase para a venda de consumo en **fresco** onde a rapidez, frescura e calidade son variables de grande estima.



LONXAS

¿QUE SON?





Edificios dedicados á primeira venda dos produtos da pesca. Son o primeiro elo das canles de comercialización.

PARTES

Unha lonxa pode te-las seguintes instalacións:

- 1) Sala de recepción e preparación de lotes.
- 2) Sala de poxas.
- 3) Sala de preparación do peixe para a saída.
- 4) Plataforma de embarque de camións.

Tamén pode haber unha fábrica ou depósito de xeo, almacéns frigoríficos para as partidas retiradas da venda, oficinas e instalacións auxiliares.




AS CANLES COMERCIAIS

Unha variable que se debe ter en conta á hora de falar dos circuítos comerciais do peixe son os distintos tipos de pesca.

Así podemos diferenciar entre:

A: EMPRESAS DE PESCA EN GRAN ALTURA.


Teñen as súas propias canles e non están suxeitas ás limitacións dun produto perecedoiro e dunha oferta dispersa e desorganizada.



B: PEQUENAS EMPRESAS DE LITORAL.

Teñen que someterse ás canles tradicionais que nacen case sempre na **poxa á baixa**, onde o "contador" comeza a baixa-lo prezo por quilo ata que o para o comprador.

Este procedimento assegura unha rápida saída dos productos perecedoiros.




O camiño máis frecuente que percorre o peixe desde a lonxa ata que chega ó consumidor é o seguinte:

O pescador leva o peixe á lonxa, xa que ten a obriga de comercializar tódolos seus produtos a través dela, aínda que é frecuente que unha parte da pesca desvíe por outros camiños, especialmente na pesca furtiva.

Na **lonxa** o peixe subhástase sendo mercado polos **compradores** que se encargan de facelo chegar ó **consumidor** a través de tres canles diferentes:

- 1) Comercializando directamente ó consumidor.
- 2) A través da industria despois de pasar un proceso de transformación.
- 3) A través dos grandes mercados centrais.

O peixe despois de pasar pola **INDUSTRIA E MERCADOS CENTRAIS** é comercializado polos **RETAILLISTAS** (pequenos comerciantes) que venden ó detalle ó consumidor en distintos tipos de establecementos (peixerías, tendas...).



AS CONFRARÍAS

¿QUE SON?

Son corporacións de dereito público ás que deben estar afiliados os pescadores para exercer-la súa profesión.

HISTORIA

A orixe das confrarías de pescadores remóntase a nove séculos atrás. Os mariñeiros constituíron as sociedades de socorros mutuos co obxecto de preve-los riscos de naufraxios e ter unha organización para facer fronte ás catástrofes.

O nome de confraría débese a que na súa orixe foron creadas a partir de congregacións relixiosas.



A primeira confraría foi creada no século XI en Laredo, desde entón pasaron por épocas de maior e menor esplendor chegando mesmo a ser disoltas no século XVI por Carlos I ante o gran poder que acadaran.

SITUACIÓN ACTUAL

Na actualidade o 80% da vida social pesqueira nacional xira arredor das confrarías e tódolos problemas que a pesca de baixura xera, así como os enfoques que a Administración lles poida dar pasan necesariamente por estas entidades.

Galicia: dicir tan só que das 225 confrarías que hai ó longo do litoral español, 66 pertencen a Galicia e que significa o 30% do contexto nacional que dá idea da importancia da pesca e do marisqueo na nosa Comunidade Autónoma.

Estas confrarías están agrupadas en 21 federacións provinciais e nunha federación nacional con sede en Madrid. Os fins das federacións son similares ás das confrarías e coordinan as actuacións conxuntas. A federación nacional colabora coa Administración pesqueira a través da Secretaría Xeral de Pesca Marítima, no desenvolvemento das accións realizadas no sector.



- 1) **Xunta Xeral ou Asemblea:** formada por igual número de traballadores e armadores elixidos entre os distintos sectores (modalidades de pesca e tonelaxe das embarcacións) por sufraxio universal libre e secreto.
- 2) **Cabido ou Comisión Permanente:** con igual número de traballadores e armadores elixidos pola Xunta Xeral de entre os seus membros.
- 3) **Patrón Maior:** representante máximo da corporación elixido pola Xunta Xeral. O mandato dos cargos elixidos para calquera dos órganos rectores das confrarías terá unha duración de 4 anos.

FINALIDADE DAS CONFRARIAS

Os fins das confrarías son os de REPRESENTAR, DEFENDER e PROMOCIONAR os intereses dos seus afiliados, sen ter obxectivos económicos directos.

AS ORGANIZACIÓNS DE PRODUCTOS PESQUEIROS

¿QUE SON?

Son asociacións voluntarias creadas pola CEE para regula-lo proceso de comercialización dos produtos pesqueiros.

HISTORIA

Polo Tratado de Roma de 1957, a pesca foi incluída dentro da política agrícola común da CEE. As primeiras medidas para organiza-lo mercado dos produtos pesqueiros non foron tomadas ata 1970, trala adopción polo Consello de Ministros da CEE do 1º Regulamento de organización común de mercados.

As **O.P.P.** son un instrumento para alcanza-los fins da organización común de Mercados que son:

- a) Desenvolver racionalmente a pesca (garanti-la actividade).
- b) Estabiliza-los mercados equilibrando a oferta e demanda.
- c) Garantir un nivel de vida digno para os pescadores.
- d) Asegurarlle ós consumidores uns prezos razoables.

CARACTERÍSTICAS:

Son organizacións ou asociacións:

- 1.- Constituídas pola libre iniciativa dos produtores.
- 2.- Recoñecidas polo Estado no que teñen a súa sede.
- 3.- Para o exercicio racional da pesca.
- 4.- E mellora das condicións de venda da produción.

FORMAS DE ASOCIARSE

Poden ser:

- | | |
|--------------------------|--------------------------------|
| 1.- Sociedades civís | - Sociedade anónima. |
| | - Sociedade limitada. |
| 2.- Sociedades mercantís | - Sociedade cooperativa. |
| | - Asociación profesional, etc. |

REQUISITOS NECESARIOS PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA O.P.P.

Vontade de asociarse.

Decisión da fórmula asociativa.

Elaboración dos estatutos.

Superación dos volumes mínimos establecidos para cada produto.

Legalización da sociedade no organismo correspondente.

TRAMITACIÓN E DOCUMENTACIÓN

Instancia solicitando o recoñecemento.

Acta de constitución da sociedade.

Estatutos asinados e legalizados.

Certificación de legalización da sociedade.

Indicación das persoas que representan a sociedade.

Relación das actividades.

Probas de que se acadan as producións mínimas.

DIFERENCIAS ENTRE CONFRARÍAS E O.P.P.

A principal diferenza entre as confrarías e as O.P.P. estriba en que as primeiras non teñen finalidade comercial, mentres que nas segundas é este o principal obxectivo.

Por outra banda, nunha confraría están representados tódolos produtores dunha zona, sen diferenza da súa actividade ou das especies capturadas, mentres que nunha O.P.P. só están asociados os pescadores que se dedican a un determinado número de especies ou artes, os cales poden pertencer a diferentes confrarías.

VANTAXES E INCONVENIENTES DAS O.P.P.

INCONVENIENTES:

- 1.- Acatar unha disciplina e seguir unhas regras de xogo.
- 2.- Aceptar uns controles de calidade.
- 3.- Contribuír con diñeiro a un fondo común.
- 4.- Permanecer un mínimo de 3 anos na organización.

VANTAXES:

- 1.- Seguridade na comercialización.
- 2.- Seguridade no cobro duns prezos mínimos polos seus produtos.
- 3.- Son voluntarias.
- 4.- Aseguran unha explotación racional dos caladoiros e bancos naturais.
- 5.- Prodúcese unha ganancia social ó unirse a xente que traballa no mesmo sector.
- 6.- As O.P.P. son interlocutores válidos: a súa opinión conta á hora das actuacións que vai realiza-la Administración pública.
- 7.- Reciben axudas económicas, tanto da CEE coma doutras administracións.